

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 17

SESION EXTRAORDINARIA DO 9 DE NOVEMBRO DE 2006

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Arias Moreira, José Carlos
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figuroa Vila, José Manuel
Garrido González, Alicia
Graña Barcia, María Luisa

Guerra Fernández, Javier Jorge
Iglesias Carrera, José Manuel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Vieitez Alonso, Henrique

NON ASISTE:

Alonso Vázquez, Xulio

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día nove de novembro do ano dous mil seis, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figuroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. Alonso Vázquez. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno, e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

ÚNICO.(227) MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL MUNICIPAL POR AMORTIZACIÓN DE DETERMINADOS POSTOS DE TRABALLO. MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO. EXPTE. 16747/220.

ANTECEDENTES.- Con data 26 de outubro de 2006, a técnica de RRHH e mailo técnico de organización da Unidade de Persoal, coa conformidade do concelleiro delegado, emiten o seguinte informe proposta:

“PRIMEIRO.- Na disposición final segunda do “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais do persoal municipal, aprobado para o período 1995-1997”, prevíase o compromiso de efectuar durante o ano 1997 unha reclasificación dos postos de traballo do cadro municipal e a súa correspondente avaliación económica, co obxecto de seren aplicado o 1º de xaneiro de 1998.

Como queira que dito compromiso non chegou a ser aplicado, os vixentes Acordo e Convenio reguladores das condicións económicas e sociais do persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo, aprobados conxuntamente en sesión plenaria de 28 de decembro de 1998, vixentes para o período 1999-2002, recolle novamente esta previsión, tanto nas súas disposicións adicionais coma nas transitorias, prevendo o destino de 400.000.000 ptas. (2.404.048 €) para o seu cumprimento.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 23 de decembro de 2005, acordou unha modificación da Relación de Postos de Traballo ó obxecto de adecuar as retribucións de determinados postos pertencentes aos grupos E e D de titulación en canto ao ingreso.

TERCEIRO.- O concelleiro-delegado da area de Xestión Municipal, en datas 22 de setembro e 20 de outubro de 2006, dictou instrucción de servizo para que polo Servizo de Organización se fixese un estudo das vacantes existentes no Cadro de Persoal Municipal, ós efectos de facer unha reorganización do mesmo que poida posibilitar, se non existisen outras fórmulas, unha adecuación retributiva de determinados postos de traballo dos grupos D e E, que non foron incluídos no acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de decembro de 2005.

CUARTO.- Segundo o expresado polo Interventor Xeral, na súa nota informativa de data 18 de outubro de 2006, aínda que existen outros recursos para financiar créditos extraordinarios, e para asegurar a necesaria cobertura orzamentaria dos compromisos asumidos polo Concello pola execución do gasto, o recurso mais aconsellable é a anulación ou baixa de créditos de outras partidas do orzamento vixente non comprometidas.

QUINTO.- En sesión de data 21 de outubro de 2006, a Mesa Xeral de Negociación adoptou o seguinte acordo:

"Propoñer a amortización das seguintes prazas vacantes na Relación de Postos de Traballo vixente e que non están incluídas na oferta de emprego público correspondente o ano 2005, pendente de executar.

PERSOAL FUNCIONARIO (21 prazas)

- 3 prazas de Técnico de Administración Xeral, con postos de:
 - Xefe Servizo Secretaría Xeral e Actas, Cód. puesto 110.06
 - Técnico Admón Xeral Xerencia Urbanismo, Cód. pto. 400.03
 - Técnico Admón Xeral-Xefe Unid.Contratación, Cód. Pto . 242.01

 - 10 prazas de Administrativo de Administración Xeral, con postos de:
 - Administrativo -Intervención Xeral, Cód. 140.10
 - Administrativo -Cultura, Cód. Puesto 330.08
 - Administrativo -Seguimento e Control-Xerencia urb. Cód. Pto 405.02
 - Administrativo -Xefatura Admón Tributos, Cód. Pto 510.04
 - Administrativo -Tesourería, Cód. Pto 540.03
 - Administrativo -Atención cidadá, Cód. Pto 321.06
 - Administrativo -Xefatura Xerencia Urbanismo, Cód. Pto 400.05
 - Administrativo -Planeamento e xestión Urbanismo, Cód. Pto 410.06
 - Administrativo -Of.Administ.Interv.Urbanistica Xer., Cód. Pto 420.06
 - Administrativo X.Neg-Of.Administ.Interv.Urb. Xer, Cod Pto 420.05

 - 2 prazas de Alguacil, con postos de
 - Alguacil-Notificador -Conserxería, Cód. Pto 201.05
 - Alguacil-Notificador -Educación, Cód. Pto 332.19

 - 1 praza de Técnico Auxiliar de Bibliotecas, con posto da mesma denominación na Biblioteca Municipal, Cód. Pto 334.02

 - 2 prazas de Cabo do Corpo da Policía Local, con postos de igual denominación, Cód. Pto. 212.04.

 - 3 prazas de Garda do Corpo da Policía Local, con postos de igual denominación, Cód. Puesto 212.11.
- PERSOAL LABORAL (6 prazas)
- 1 praza de Encargado, con posto de Encargado Xeral Taller, nos Servizos Electromecánicos, Cód. Puesto 444.17

 - 4 prazas de Oficiais de oficios, con postos de:
 - Oficial Servizos Varios, Benestar Social, Cód. Pto. 301.14
 - Oficial Servizos Varios, Laboratorio Municipal, Cód. Pto. 313.06, na actualidade, por Resolución da Alcaldía de data 4 de xullo de 2005, transferidos ós seus créditos, a partida 432.4 (Servizos Electromecánicos).
 - Oficial Conductor, Parque Móbil, Cód. Pto. 445.08
 - Oficial Xardineiro, Xardíns, Cód, Pto. 446.06

 - 1 praza de Operario-peón, con posto de Operario Limpeza Instalacións, no Servizo de Limpeza, Cód. Pto. 252.11

A amortización das referidas prazas suporía un aforro de 850.249.745 €, que se entende suficiente para acometer o expediente de adecuación retributiva do persoal deste Concello, correspondente ós grupos D e E , non incluídos no acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de decembro de 2005”.

A distribución dos créditos os que se refieren as baixas do Acordo de data 21 de outubro de 2006 da Mesa Xeral de Negociación é a seguinte:

SEXTO.- No exercizo orzamentario corrente (prórroga do orzamento do ano 2005) non existe na partida 12101210100, adicada ao “Fondo de Adecuación dos postos de traballo”, crédito suficiente para atenderlo cumprimento das eventuais obrigas económicas derivadas da aplicación do citado acordo.

Tendo en conta o expresado polo Sr. Interventor Xeral, na súa “nota informativa” de data 18 de outubro de 2006, propónse como fórmula de financiación a amortización de postos de traballo, en canto responda aos principios de racionalidade, economía e eficiencia na prestación dos servizos, e respecto aos criterios de ordenación xeral da economía.

Dita posibilidade está expresamente contemplada no acordo da Xunta de Goberno de data 23 de decembro de 2005.

rpt	cod p	posto	Serv.	partida f	clavep	can t	base_anio	comple_a nio	SEG SOCIAL	TOTAL
01	26	Xefe Serv. Sec.Xeral e Actas	110	121.0	11006	1	21.878,67	27.740,19	10.728,23	60.347,09
01	260	Adtvo.-Xef.neg	420	4320	42005	1	10510,49	14017,25	6.178,54	30.706,28
01	46	Téc. Admón Xeral	400	432,0	400,03	1	14.974,58	24.391,95	8.421,91	47.788,44
01	225	Téc.Admón.Xeral XMU	242	121,6	242,01	1	14.974,58	27.740,19	10.427,93	53.142,70
01	105	Administrativo	140	611.0	14010	1	9.473,76	11.292,76	6.477,08	27.243,60
01	105	Administrativo	330	451.0	33008	1	9.473,76	11.292,76	6.477,08	27.243,60
01	105	Administrativo	405	432,0	405,02	1	13.620,67	11.292,82	7.994,27	32.907,76
01	105	Administrativo	510	611.0	51004	1	9.473,76	11.292,76	6.477,08	27.243,60
01	105	Administrativo	540	611.0	54003	1	9.473,76	11.292,76	6.477,08	27.243,60
01	105	Administrativo	321	463,1	321,06	1	13.275,10	11.292,76	7.661,60	32.229,46
01	105	Administrativo	400	432,0	400,05	1	11.547,22	11.292,76	7.328,94	30.168,92
01	105	Administrativo	410	432,0	410,06	1	11.201,64	11.292,76	7.328,94	29.823,34
01	105	Administrativo	420	432,0	420,06	1	11.547,22	11.292,22	7.328,94	30.168,38
01	152	Alguacil notificador	201	121.0	20105	1	8.630,69	10.605,47	6.847,73	26.083,89
01	152	Alguacil notificador	332	422,0	332,19	1	8.803,88	10.605,47	6.909,38	26.318,73
01	101	Tco. Aux. Bibliotecas	334	451,1	334,02	1	11.892,79	14.707,26	8.535,4	35.135,53

rpt	cod p	posteo	Serv.	partida f	clavep	can t	base_anio	comple_a nio	SEG SOCIAL	TOTAL
									8	
01	126	Cabo policia local	212	222.2	21204	1	8.900,74	12.668,21	7.678,16	29.247,11
01	126	Cabo policia local	212	222,2	212,04	1	9.362,47	12.668,21	7.842,53	29.873,21
01	134	Carda policia local	212	222.2	21211	1	7.746,42	11.966,93	6.840,53	26.553,88
01	134	Garda policia local	212	222,2	212,11	1	7.746,42	11.966,93	6.840,53	26.553,88
01	134	Garda policia local	212	222,2	212,11	1	10.055,07	11.966,93	7.839,44	29.861,44
02	113	Encargado	444	432,4	444,17	1	9.362,52	15.452,24	7.838,98	32.653,74
02	240	Oficial variados servicios	301	313,0	301,14	1	9.593,34	10.605,33	7.818,54	28.017,21
02	240	Oficial variados servicios	444	432,4	444,14	1	9.362,52	10.605,33	6.990,74	26.958,59
02	233	Oficial conductor	445	121,2	44508	1	7.746,47	10.605,33	6.487,36	24.839,16
02	234	Oficial xardineiro	446	432,6	44606	1	9.593,34	10.605,33	7.109,57	27.308,24
02	159	Operario limpeza inst.	252	442,0	25211	1	8.803,88	9.341,41	6.443,07	24.588,36
										850.249,74

FUNDAMENTOS E MEMORIA

PRIMEIRO.- Consonte ao disposto no art. 124.4 b) da Lei 7/85, de bases do réxime local, corresponde ao Alcalde "Dirigir la política, el gobierno y la administración municipal, sin perjuicio de la acción colegiada de colaboración en la dirección política que, mediante el ejercicio de las funciones ejecutivas y administrativas que le son atribuidas por esta Ley, realice la Junta de Gobierno Local".

SEGUNDO.- Segundo o disposto no art. 127.1, g) e h) da mesma lei, corresponde a Xunta do Goberno Local "la gestión del personal", así como "aprobar a relación de postos de traballo, así como a "oferta de emprego público"

TERCEIRO.- Por último, corresponde ao Pleno da Corporación en materia de persoal, " la aprobación da plantilla de personal".

CUARTO.- A función de dirección da Administración municipal (superior dirección do persoal, aprobación da relación de postos de traballo, da oferta de emprego público, provisión de postos, etc.) ten un sentido claramente instrumental respecto da dirección política. Simplemente, ésta non se pode concebir sin aquela.

Quere dicirse que, en última instancia, a decisión sobre as necesidades de recursos humanos corresponde exclusivamente a Xunta do Goberno Local, co límite do cadro de persoal aprobado polo Pleno.

QUINTO.- Na elaboración da presente proposta, se ten en conta a incidencia da próxima cobertura da OEP de 2005.

SEXTO.- É preciso expoñer de seguido, de xeito pormenorizado, as razóns polas que a supresión dos postos que contan con dotación orzamentaria e que se conteñen na relación do apartado quinto dos antecedentes da presente proposta, non afectará ao normal desenvolvemento dos servizos afectados.

1º.- Por razóns sistemáticas, considérase oportuno comezar polas prazas da Xerencia de Urbanismo, que merecen un tratamento unitario: Un técnico de Administración xeral e cinco administrativos.

Todos os postos pertencen ao cadro de persoal do Concello. Produceuse unha baixa por xubiliación. Ademais, recentemente, tres administrativas que ocupaban ditos postos promocionaron a postos propios da Xerencia e unha administrativa a un posto do Concello. A funcionaria que ocupaba o posto de Técnico trasladouse o propio concello.

Deste xeito, e dada a modalidade de prestación do servizo, non ten sentido o seu mantemento na plantilla propia do concello. No seu caso, será o propio organismo autónomo o que terá que contemplar no seu orzamento as necesidades actuais e futuras de persoal.

2º.- Técnico Administración Xeral. Xefe Servizo Secretaría Xeral e Actas

A Lei 57/03, de Modificación da Lei 7/85, introduce no ámbito dos municipios de "gran poboación" unha redistribución das funcións de fe pública e asesoramento legal preceptivo que anteriormente correspondían exclusivamente ao Secretario do Concello.

Este posto transfórmas en Secretario do Pleno e aparecen outros órganos aos que lle corresponden aquelas funcións en relación coas competencias do Alcalde, a Xunta do Goberno Local e os órganos unipersonais (concelleiros-delegados; coordinadores xerais; directores xerais). As funcións de fe pública se encomendan ao Secretario da Xunta de Goberno Local ou ao titular do órgano de apoio a éste, e as de asesoramento xurídico correspondelle ao titular da Asesoría Xurídica. Trasládase así mesmo as funcións atribuídas a Secretaría Xeral en materia de contratación en virtude da entrada de dita Lei ao titular da Asesoría Xurídica

O posto en consideración está vacante desde o 14 de outubro de 2004, o ser nomeado o seu titular Secretario do Tribunal económico-administrativo. Desde entón, non se ten formulada ningunha petición de cobertura do mesmo, nin parece razoable que acontezca, xa que o servizo desenvólvese satisfactoriamente consonte as novas previsións legais, ao contar con dous habilitados nacionais, polo que considérase xustificada a amortización da mesma.

3º.- Técnico da Administración Xeral-Patrimonio. (Xefe Unidade de Contratación).

Con motivo da aprobación da RPT do ano 2005, en cumprimento da Instrucción de Alcaldía de 20 de maio de 2005, o posto Xefe Servizo Novos Proxectos cambiou a súa denominación por "Xefe de Área de contratación e novos proxectos", reubicándose organizativamente no Servizo de Patrimonio e

Contratación, polo que o referido posto xa foi suprimido da relación de postos de traballo, ó asumir o novo, as máximas funcións técnicas do Servizo de contratación. Nembargantes é necesario amortizar a praza correspondente a dito posto. Na mesma instrucción crease un novo posto base de Técnico da Administración Xeral, recentemente cuberto, en réxime de comisión de Servizo.

4º.- Cabo da Policía Local (2).

Tratáse de dúas vacantes que se teñen producido por excedencia e falecemento dos seus titulares.

A próxima cobertura da OEP na que se inclúen 17 prazas neutraliza calquera incidencia no servizo, que queda perfectamente cuberto.

5º.- Gardas da Policía Local (3)

Tratáse o igual que o anterior, de tres vacantes que se teñen producido por excedencia, xubilación e falecemento dos seus titulares.

A próxima cobertura da OEP na que se conteñen 26 prazas neutraliza calquera incidencia no servizo, que queda perfectamente cuberto. Ademais, unha vez que se produza a execución da Oferta de Emprego público actualmente en marcha, producirase un elevado ascenso de gardas a cabos, coas conseguíntes vacantes, polo que queda garantido que na seguinte oferta pública poderase incluír un número adecuado de prazas de gardas.

6º.- Administrativos (5 postos, adscritos ós servizos de Cultura, Intervención, Tesourería, Administración de Tributos e Atención Cidadá)

Na Oferta de Emprego público, correspondente o ano 2005, pendente de executar, incluíronse 21 prazas de administrativo, 17 delas pola quenda de promoción interna, polo que produciráse un considerable número de vacantes que se poderían incluír na seguinte oferta de emprego, co que queda conxurado calquera risco para o normal desenvolvemento dos servizos.

7º.- Alguacil

O desenvolvemento dos novos sistemas de información fai que, cada vez máis a comunicación entre a administración local e a cidadanía sexa realizada a través dos modernos medios telemáticos. Deste xeito as funcións desenvolvidas polos postos de alguaciles teñen cada vez menos carga de traballo, polo que, e seguindo a tendencia xeral na administración, o número de postos de alguacil necesarios na organización é menor. Por todo elo propónse a amortización destas prazas.

8º.- Encargado Xeral do Servizo de Electromecánicos

O servizo de eletromecánicos conta na actualidade con un xefe de servizo, un enxeñeiro industrial, un axudante técnico (delineante), un capataz, un xefe de equipo, 10 oficiais electricistas e 3 axudantes de oficios. Xa que a organización e supervisión das tarefas do persoal de oficios ven a ser desempeñada polo capataz, e dada a xubilación do titular do posto de Encargado Xeral do Servizo de Electromecánicos, considérase apropiada a

amortización do mesmo, o carecer de funcións e tarefas a desenvolver dentro da actual estrutura do servizo.

9º.- Oficiais de Oficios-Persoal Laboral- (4 postos).

As reiteradas políticas de contención do gasto publico en materia de persoal ao servizo das AAPP, traducidas nas conseguintes reducións fixadas nos orzamentos xerais do Estado respecto das taxas de reposición de efectivos, provocou segundo a experiencia xeral no conxunto das AAPP unha reordenación nas prioridades de captación de recursos humanos, que no que aquí estrictamente interesa, traducíuse a súa vez na progresiva desaparación da xestión directa das funcións propias do persoal subalterno, en favor das diversas modalidades de contratación pública. O concello de Vigo, como é notorio, non quedou ao marxe deste fenómeno.

En diversas ocasión a representación do persoal ten plantexado a recuperación dos servizos exteriores. Aínda que é un planteamento lexítimo, na situación actual de prestación dos servizos, a supresión dos postos que se propón non vai a supoñer ningún prexuízo para o adecuado desenvolvemento daqueles.

Dúas destas prazas foron reconvertidas para persoal con minusvalía física, atopándose neste momento vacantes por xubilación e excedencia voluntaria dos seus titulares.

Polo anteriormente expresado propónse a amortización destas prazas

Á vista de todo canto antecede, os funcionarios que subscriben veñen a propoñer ao Pleno da Corporación a seguinte proposta:

Primeiro.- Autoriza-la modificación do persoal de cadro do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 28 de febreiro de 2005 (BOP 07 de xuño seguinte), consistente na amortización de 27 prazas que se detallan a continuación, xunto cos postos que se conteñen nesta proposta.

PERSOAL FUNCIONARIO.- 4 prazas de Técnico de Administración Xeral, 10 prazas de Administrativo de Administración Xeral, 2 prazas de Alguacil, 1 praza de Técnico Auxiliar de Biblioteca, 2 prazas de cabo e 3 de garda do Corpo da Policía Local.

PERSOAL LABORAL.- 1 praza de Encargado, 4 de oficiais de oficios e 1 de Operario-peón.

Segundo.- Aprobar a modificación orzamentaria consistente nun crédito extraordinario por importe de 850.249,74 € , financiada con anulacions de crédito nas partidas que se relacionan e destina-los créditos correspondentes ao Fondo de Adecuación de Postos de Trabajo (Partida 1210.1210100) por importe de 673.200,00 € e os gastos que representa a seguridade social (Partida 3131.160000), segundo os movementos que se indican (art. 177.4 da lei de facendas locais, aprobada polo RDL 2/04).

Tendo en conta as modificacións orzamentarias realizadas con anterioridade neste exercizo e que algunhas das prazas estiveron ocupadas polos seus titulares ata a data da súa baixa (falecemento, xubilación ou excedencia) e que os créditos das mesmas atopasen menguados, inclúese na seguinte

relacion baixas de creditos por un total de 335.826,48 € para dotar o credito extraordinario e o suplemento de credito nas referidas partidas orzamentarias :

rpt	cod p	Posto	servizo	partida_f	clavep	cant	Total Basicas 120,00,00	Total com- plementarias 121,00,00	Total seg sc. 3131,1600 000	TOTAL
01	126	CABO POLICIA LOCAL	212	222,2	212,04	1	3120,82	4222,74	2614,18	9957,74
01	134	GARDA POLICIA LOCAL	212	222,2	212,11	1	7746,42	11966,93	6840,53	26553,88
01	134	GARDA POLICIA LOCAL	212	222,2	212,11	1	10055,07	11966,93	7839,44	29861,44
							20922,31	28156,60	17294,15	66373,06
02	113	ENCARGADO	444	432,4	444,17	1	3120,84	5150,75	2612,99	10884,58
							3120,84	5150,75	2612,99	10884,58
01	105	ADMINISTRATIVO	321	463,1	321,06	1	13275,10	11292,76	7328,94	31896,80
							13275,10	11292,76	7328,94	31896,80
01	225	TECNICO ADMON XERAL X.M.U.	242	121,6	242,01	1	14974,58	27740,19	10427,93	53142,70
							14974,58	27740,19	10427,93	53142,70
01	26	XEFE SERV. SEC. XERAL E ACTAS	110	121,0	11006	1	5470,39	6935,08	10728,23	23133,70
01	152	ALGUACIL-NOTIFICADOR	201	121,0	20105	1	8630,69	10605,47	6847,73	26083,89
							14101,08	17540,55	17575,96	49217,59
02	233	OFICIAL CONDUCTOR	445	121,2	44508	1	1936,61	2651,26	6487,36	11075,23
							1936,61	2651,26	6487,36	11075,23
01	54	OFICIAL POLICIA LOCAL	212	222,2	212,02	1	12478,82	14755,28		27234,10
01	126	CABO POLICIA LOCAL	212	222,2	212,04	16	103285,60	24829,47		128115,07
01	126	CABO POLICIA LOCAL	212	222,2	212,04	1	8900,74	12668,21	7678,16	29247,11
01	134	GARDA POLICIA LOCAL	212	222,2	212,11	1	7746,42	11966,93	6840,53	26553,88
01	99	SARXENTO POLICIA LOCAL	212	222,2	212,15	4	12631,68	7773,54		20405,22
01	134	GARDA POLICIA LOCAL	212	222,2	212,04	19	104215,12	27853,06		132068,17
							249258,37	99846,48	14518,69	363623,54
02	240	OFICIAL SERVIZOS VARIOS	301	313,0	301,14	1	3783,48	2651,26	7818,54	14253,28
							3783,48	2651,26	7818,54	14253,28
01	152	ALGUACIL-NOTIFICADOR	332	422,0	332,19	1	2934,63	3535,16	6909,38	13379,17
							2934,63	3535,16	6909,38	13379,17
01	46	TECNICO ADMON XERAL	400	432,0	400,03	1	14974,58	24391,95	8421,91	47788,44
01	105	ADMINISTRATIVO	405	432,0	405,02	1	13620,67	11292,76	7994,27	32907,70
01	105	ADMINISTRATIVO	400	432,0	400,05	1	2886,81	2823,19	1832,24	7542,24
01	105	ADMINISTRATIVO	410	432,0	410,06	1	2800,41	2823,19	1804,51	7428,11
01	105	ADMINISTRATIVO	420	432,0	420,06	1	2886,81	2823,19	1832,24	7542,24
01	260	ADMINISTRATIVO-Xef.neg	420	432,0	42005	1	0,00	0,00	0,00	0,00
01	93	XEFA OF. SECRARIA XERENCIA	401	432,0	40104	1	13275,10	14728,83		28003,93
							50444,38	58883,11	21885,17	131212,66
02	240	OFICIAL SERVIZOS VARIOS	444	432,4	444,14	1	3315,89	3756,05	2475,89	9547,83
							3315,89	3756,05	2475,89	9547,83
02	234	OFICIAL XARDINEIRO	446	432,6	44606	1	9593,34	10605,33	7109,57	27308,24
							9593,34	10605,33	7109,57	27308,24
02	159	OPERARIO LIMPEZA INSTAL.	252	442,0	25211	1	3499,80	2335,28	6443,07	12278,15
							3499,80	2335,28	6443,07	12278,15
01	101	TECNICO AUX BIBLIOTECAS	334	451,1	334,02	1	3240,79	4007,73	2133,87	9382,39
01	105	ADMINISTRATIVO	330	451,0	33008	1	2368,41	2823,14	6477,08	11668,63
							5609,20	6830,87	8610,95	21051,02
01	105	ADMINISTRATIVO	140	611,0	14010	1	2368,41	2823,14	6477,08	11668,63

rpt	cod p	Posto	servizo	partida_f	clavep	cant	Total Basicas 120,00,00	Total complementarias 121,00,00	Total seg sc. 3131,1600 000	TOTAL
01	105	ADMINISTRATIVO	510	611.0	51004	1	2368,41	2823,14	6477,08	11668,63
01	105	ADMINISTRATIVO	540	611.0	54003	1	2368,41	2823,14	6477,08	11668,63
							7105,23	8469,42	19431,24	35005,89
TOTAIS							403874,84	289445,07	156929,83	850249,74

Terceiro.- Ordena-la publicación do presente acordo no Boletín oficial da Provincia, significando que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, nos supostos, termos e condicións recollidos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa".

Con data 26 de outubro, a xefa da Área de Réxime Interior, coa conformidade do concelleiro delegado de Xestión Municipal, emite o seguinte informe xurídico:

"FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) modificada pola lei 57/2003 de 30 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, no seu artigo 4.1 a), recoñece ás entidades locais a potestade de organización na súa calidade de Administración Públicas de carácter territorial.

De maneira específica a Lei 30/1994, do 2 de agosto de Medidas para a Reforma da Función Pública (LMRFP) establece no seu artigo 18 que "as administracións públicas poderán elaborar Plans de Emprego, referidos tanto a persoal funcionario como laboral, que conterán de forma conxunta as actuacións a desenvolver para a optima utilización dos recursos humanos no ámbito a que afecten, dentro dos límites presupostarios e de acordo coas directrices de política de persoal. As actuacións previstas para o persoal laboral nos Plans de Emprego desenvolveranse conforme á normativa específica do ordenamento xurídico laboral". E a disposición adicional vixésimo primeira da mesma lei permite as corporacións locais, de acordo coa súa capacidade de organización, "adoptar ademais dos plans de emprego, outros sistemas de racionalización dos recursos humanos, mediante programas adaptados ós seus especificidades, que poderán incluír todas ou algunha das medidas mencionadas nos apartados 2 e 3 do artigo 18 da presente lei". E o punto dous de dito artigo 18 contempla expresamente no seu apartado a) "previsións sobre modificación de estruturas organizativas e de postos de traballo"

Entre estes posibles sistemas de racionalización tería perfecta cabida a amortización de postos de traballo xa que con ela se modifica a estrutura organizativa e de postos de traballo, á vez que se axusta á situación de persoal ás necesidades da organización municipal.

II. A modificación da plantilla de persoal, necesita da elaboración dunha memoria explicativa do seu contido e das medidas concretas a adoptar,

memoria que consta no informe-proposta dos técnicos municipais de data 26 de outubro de 2006.

Así mesmo, aínda cando se trata dun aspecto de potestade municipal de organización da Administración e polo tanto excluída da obrigaón de negociación, de conformidade co previsto no artigo 34 da Lei 9/1987 do 12 de xuño, de Órganos de Representación das condicións de traballo e participación de persoal ao servizo das administracións públicas; si é esixible a consulta e comunicación ás organizacións sindicais; no presente caso non só se cumpre tal esixencia de consulta senón que a maior abundamento a modificación da plantilla obxecto de expediente, mediante a amortización de vacantes negociouse e aprobouse por unanimidade cos representantes sindicais e comité de empresa, segundo consta na acta da mesa xeral de negociación de data 21 de outubro, obrante no expediente.

III. En canto á competencia para a súa aprobación, corresponde ó Pleno da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 90 da LRBRL, que establece que corresponde a cada corporación municipal aprobar anualmente, a través do orzamento, a plantilla, que deberá conter todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, en concordancia co disposto no artigo 123 da mesma lei ó fixar as atribucións do Pleno nos municipios suxeitos ó réximen de gran poboación (apartado 1.h). Por se tratar dunha modificación da plantilla, está suxeita ós mesmos trámites legalmente establecidos para a modificación do presuposto (artigo 126-3) do texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Polo exposto, infórmase favorablemente a proposta efectuada polos técnicos municipais de data 26 de outubro de 2006 sobre modificación do cadro de persoal municipal por amortización de determinados postos de traballo, a fin de que polo Pleno municipal, se adopte no seu caso e por maioría simple, o correspondente acordo, previo informe da Intervención Xeral e dictame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais."

O interventor xeral, con data 27 de outubro, informa a proposta da Unidade de Persoal do xeito que segue:

"O expediente que se somete a informe fai referencia a dúas propostas de resolución:

- por unha banda unha restructuración da plantilla municipal, consistente na supresión de 27 prazas, das cales 21 corresponden a funcionarios de carreira e 6 a persoal de carácter laboral; e
- en segundo lugar a proposta de modificación do orzamento municipal vixente, consistente na dotación dun crédito extraordinario a financiar con baixas parciais por anulación de créditos doutras partidas do orzamento, e coa finalidade de constituír un "Fondo de Adecuación de Postos de Traballo".

Aínda tendo en conta que a fonte de financiamento que se pretende utilizar para a habilitación do crédito presupuestario, vén dada precisamente polos recursos que se liberan coa supresión de prazas, abordamos por separado ambas cuestións.

1.- Modificación do persoal municipal por amortización de prazas.

Con respecto a esta cuestión, o funcionario que subscribe xa tivo ocasión de pronunciarse ao informar un expediente que sobre a mesma materia foi tramitado recentemente polos servizos administrativos da Xerencia Municipal de Urbanismo, e en relación ao cal informábase que a amortización de prazas nas Administracións Públicas, deben xustificarse en base a razóns organizativas e non a motivacións puramente económicas, sendo o instrumento adecuado para a amortización das prazas o plan de emprego regulado no artigo 18 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a Reforma da Función Pública.

Por outra banda, sinalaremos que nos distintos documentos que constan no expediente sometido a informe faise mención a unha "nota informativa" que foi redactada por quen subscribe como alternativa e posible resposta a unha petición de informe solicitado polo Concelleiro Delegado de Xestión Municipal.

Sen prexuízo de que do propio contido da nota informativa xa se desprende, queremos reiterar e deixar constancia que aquela foi redactada aos efectos de mera colaboración coa unidade xestora do expediente, colaboración que se concreta simplemente no deseño duns trazos orientativos do item procedimental da xestión dun gasto público cuxa realización foi previamente decidida pola devandita unidade xestora, sen que de ningún xeito a procedencia e contido de devandita nota informativa poidan determinar a oportunidade da realización do gasto público en cuestión, nin por suposto a necesidade da realización do mesmo nin a súa viabilidade xurídica ou técnico-organizativa, cuestións todas estas cuxa xustificación e motivación corresponden ao centro xestor do gasto.

As aclaracións anteriores efectúanse en relación á confusa redacción do parágrafo segundo do apartado sexto de antecedentes do informe-proposta sometido a informe, onde se relaciona a indicada "nota informativa" có contido do parágrafo segundo do apartado primeiro do artigo 90 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Rexime Local, na que se sinala:

"As plantillas deberán responder aos principios de racionalidad, economía e eficiencia e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan pasar os límites que se fixen con carácter xeral".

Pois ben, xustamente estes principios e limitacións son os que deben considerarse na motivación e xustificación da oportunidade da realización do gasto, debendo ser observados polo informe-proposta que se informa, pois tales principios e limitacións legais son os que deben presidir e subyacer na planificación de recursos humanos de calquera organización municipal, entendida ésta como proceso para determinar as necesidades dos recursos humanos e os medios para satisfacelos, da que aquela proposta é reflexo.

Ademais como di o apartado 1 do artigo 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril de 1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local:

1. As plantillas, que deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do Orzamento e haberán de responder aos principios enunciados no artigo 90.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril. A elas uníranse os antecedentes, estudos e documentos acreditativos de que se axustan aos mencionados principios.

E o apartado terceiro de devandito precepto legal:

3. A modificación das plantillas durante a vixencia do Orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación daquel.

Entendemos que tales principios e limitacións responden a un contido máis amplo que a máis ou menos pormenorizada exposición das razóns demostrativas de que as baixas non afectasen ao normal funcionamento dos servizos aos cales están adscritos os créditos presupuestarios correspondentes, como requisito exixible polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRHL).

En calquera caso, no expediente consta informe emitido pola Xefatura da Área de Réxime Interior,- na cal atópase incardinada orgánica e funcionalmente a Unidade de Persoal-Servizo de Organización -, que ditamina favorablemente a proposta efectuada polos técnicos municipais de data 26 de outubro do 2006 sobre modificación do cadro de persoal municipal por amortización de determinados postos de traballo.

2.- Modificación presupuestaria que se propón.

O expediente que se tramita contén créditos extraordinarios e suplementos de crédito por un importe global de 850.249,74 euros.

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do Orzamento de Gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte, e para o que non existe crédito.

Os suplementos de crédito son aquelas modificacións do Orzamento de Gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio posterior, sendo o crédito previsto insuficiente e non susceptible de ampliación.

Esta clase de modificación presupuestaria atópase regulada nos artigos 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais e 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, así como na Base 8ª das de execución do Orzamento vixente.

No expediente que se somete a informe e segundo se desprinde da proposta incluída no mesmo, o crédito extraordinario interesado ten como finalidade facer fronte a unha adecuación retributiva dos postos de traballo do persoal municipal, mediante a creación dun "Fondo de Adequación de Postos de Traballo", por un importe total de 693.319,91 euros.

En canto ao medio de financiamento que se propón para dar cobertura a este crédito extraordinario, consiste en baixas por anulación de créditos doutras partidas Presupuestarias, o cal regúlase no artigo 177.4 do TRLRHL e artigos 36.1.c) e 49 a 51 Real Decreto 500/90, de 20 de abril.

Concretamente as anulaciones de créditos correspóndense precisamente co autorizado para aquelas prazas cuxa amortización propónse no mesmo expediente.

Con todo, aínda que a proposta de anulación do crédito adscrito ás prazas a amortizar alcanzaría á totalidade, a baixa do crédito nalgunhas delas soamente é parcial con respecto ao que figuraba autorizado a 1 de xaneiro do exercicio económico actual. Iso é así polas seguintes razóns, a tenor do exposto no informe-proposta:

- Parte do crédito dalgunhas prazas cuxa amortización propónse, xa foi utilizado e consumido ao longo do exercicio noutras modificacións de crédito, tramitadas e propostas pola unidade xestora.
- Determinadas prazas cuxa amortización propónse, quedaron vacantes ao longo do exercicio, e é precisamente nese momento no que o crédito ata entón comprometido convértese en autorizado e susceptible de ser utilizado como recurso financeiro na modalidade de baixa por anulación, aínda que a baixa soamente pode ser parcial, isto é, pola diferenza entre o crédito inicial a 1 de xaneiro do exercicio e o consumido ata a data en que se produciu a vacante correspondente.

Tendo en conta que o importe do crédito extraordinario e o suplemento que se contén na proposta que se informa ascende a 850.249,74 euros, que é xustamente o custo das prazas cuxa amortización propónse, considerando a situación descrita anteriormente sobre a situación dos créditos susceptibles de utilización, sinalaremos o seguinte:

- A anulación da totalidade dos créditos pola amortización das prazas ás que dan cobertura económica, permite dar cobertura no exercicio económico do 2007, e durante unha situación de prórroga presupuestaria, á adecuación retributiva que se pretende por cuantía equivalente ao custo económico das prazas a suprimir. É dicir, a amortización das prazas determina que o crédito adscrito ás mesmas en situación de autorizado convértase en dispoñible, pasando o mesmo a comprometerse, unha vez vinculado á adecuación retributiva, polo importe do incremento retributivo proxectado.
- Por outra banda, aínda que a anulación dos créditos correspondentes ás prazas a amortizar o é pola totalidade, a súa baixa para o exercicio actual soamente o é parcial polo importe correspondente ao saldo de crédito autorizado no momento actual. Segundo despréndese da proposta que se informa, tal saldo importa a cuantía de 514.423,26 euros, que resulta insuficiente para a dotación do crédito extraordinario necesario para levar a cabo a pretendida adecuación retributiva.

O centro xestor do gasto, pretende resolver esta situación de déficit de financiamento, mediante transferencias de crédito doutras partidas do capítulo I do estado de gastos do Orzamento, polo importe que se requira ata complementar o montante de crédito extraordinario e suplemento necesario. Esta formulación é errónea e contraviene a normativa de aplicación, polo que se informa desfavorablemente.

De feito o artigo 177 do TRLRHL, non contempla como medio de financiamento dos créditos extraordinarios e os suplementos de crédito as transferencias de crédito ás que se refire nos seus artigos 179 e 180.

Por conseguinte a unidade xestora soamente dispón de recursos para financiar o crédito extraordinario por importe de 514.423,26 euros, que é a proposta que neste sentido debe someter á consideración do Pleno da Corporación.

De acordo co artigo 49 do RD 500/1990, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación das baixas por anulación de créditos.

Na memoria que figura no expediente faise constar que os créditos cuxa baixa propónse non se atopan comprometidos, podéndose levar a cabo as anulaciones propostas sen que con iso prodúzase perturbación no funcionamento do servizo ao que talles dotaciones presupuestarias atópanse adscritas.

Como outros requisitos que a lexislación vigente demanda dos créditos extraordinarios, sinalaremos que se constata por esta Intervención a inexistencia de crédito no estado de gasto do orzamento no nivel de vinculación xurídica; non se xustifica no expediente pola unidade xestora a urxencia do gasto, o cal a tenor do contido da memoria que se contén na proposta, viría derivado por tratarse dun gasto que non se pode considerar como imprevisible e cuxa transcendencia e urxencia para a Administración municipal viría determinado pola ausencia dun Orzamento para o exercicio económico actual.

Polo que se refire á tramitación do expediente de dotación de crédito extraordinario que se informa, de conformidade co disposto nos artigos 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación ás normas sobre aprobación, información, reclamaciones, publicidade e recursos contenciosos-administrativos, aplicables aos orzamentos.

Para rematar, déixase constancia que o crédito extraordinario cuxa habilitación propónse non será executivo en tanto non sexan efectivos os recursos que o financian.

Pois ben, exposto o anterior sinalaremos que para completar o crédito extraordinario preciso, pode a unidade xestora tramitar un segundo expediente de modificación presupuestaria, -unha vez que o crédito extraordinario sexa executivo por ser efectivos os recursos que o financian-, de transferencia de crédito doutras partidas do orzamento vigente, que de ser do capítulo I do estado de gastos como se sinala na proposta que se informa, a súa resolución e incoación correspondería á Alcaldía-Presidencia.

En efecto, aínda que en principio o artigo 180 do TRLRHL, prohibe de forma expresa que un crédito extraordinario concedido durante o exercicio poida verse afectado por unha transferencia de crédito, o propio apartado segundo de devandito precepto legal excepcióna esta prohibición precisamente para o suposto a que se refire o expediente tramitado: *"As anteriores limitacións (refírese a que as transferencias de crédito de calquera clase non poden*

afectar a créditos extraordinarios concedidos durante o exercicio) non serán aplicables canto se trate de créditos modificados como consecuencia de reorganizaciones administrativas aprobadas polo Pleno”.

Polo que se refire ao aumento de crédito da partida correspondente á Seguridade Social a cargo do empregador, procede tamén, a condición de que existan recursos suficientes para iso, a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Finalmente queremos efectuar unha serie de consideracións respecto da execución do gasto respecto do cal proxéctase a modificación presupuestaria informada e en tal sentido queremos sinalar que sen prexuízo de que con ocasión, no seu caso, da execución de devandito crédito extraordinario haberá que procederse á emisión do correspondente informe de fiscalización crítica ou previa por esta Intervención, queremos deixar constancia do feito de que a mera habilitación desta partida presupuestaria no Capítulo I, non comporta por se mesma unha vulneración do incremento retributivo global do 2% previsto no proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o actual exercicio económico do 2006, pois será a aplicación concreta que no seu momento efectúese deste importe o que realmente poida ou non implicar unha desviación das previsións legais do lexislador estatal. A este respecto é necesario sinalar que as Leis de Orzamentos Xerais do Estado o único que veñen permitindo, con carácter singular e excepcional, son adecuacións retributivas no complemento específico e no complemento de destino necesarias para adecuar o contido de determinados postos de traballo, ou incluso a través de implementacións xustificadas das partidas de incentivos ao rendemento para adecualas ao número de efectivos ou ao grado de consecución de determinados obxectivos. En definitiva, a dotación presupuestaria cuxa habilitación propónse, en ningún caso pode supoñer unha modificación xeneralizada dos postos de traballo nin unha distribución lineal da súa montante.”

Visto o anterior informe, a técnica de RRHH e mailo técnico de organización da Unidade de Persoal, coa conformidade do concelleiro delegado, emiten nova proposta co seguinte contido:

“Á vista do informe do Sr Interventor Xeral de data 27 de outubro de 2006, reformúlase a proposta realizada ó Pleno da Excmá Corporación en data 26 do mesmo, en atención o reflectido no mesmo, quedando redactada do seguinte xeito:

“Primeiro.- Autorizar a modificación do persoal de cadro do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 28 de febreiro de 2005 (BOP 7 de xuño seguinte), consistente na amortización de 27 prazas que se detallan a continuación, xunto cos postos que se conteñen nesta proposta.

PERSOAL FUNCIONARIO.- 3 prazas de Técnico de Administración Xeral, 10 prazas de Administrativo de Administración Xeral, 2 prazas de Alguacil, 1 praza de Técnico Auxiliar de Biblioteca, 2 prazas de cabo e 3 de garda do Corpo da Policía Local.

PERSOAL LABORAL.- 1 praza de Encargado, 4 de oficiais de oficios e 1 de Operario-peón.

rpt	codp	posto	servizo	Partida_f	clavep	cant	base_anio	comple_anio	SEG SOCIAL	TOTAL
01	26	XEFE SERV. SECRETARIA XERAL E ACTAS	110	121.0	11006	1	21.878,67	27.740,19	10.728,23	60.347,09
01	260	ADMINISTRATIVO-Xef.neg	420	4320	42005	1	10510,49	14017,25	6.178,54	30.706,28
01	46	TECNICO ADMON XERAL	400	432,0	400,03	1	14.974,58	24.391,95	8.421,91	47.788,44
01	225	TCO. ADMON XERAL XMU	242	121,6	242,01	1	14.974,58	27.740,19	10.427,93	53.142,70
01	105	ADMINISTRATIVO	140	611.0	14010	1	9.473,76	11.292,76	6.477,08	27.243,60
01	105	ADMINISTRATIVO	330	451.0	33008	1	9.473,76	11.292,76	6.477,08	27.243,60
01	105	ADMINISTRATIVO	405	432,0	405,02	1	13.620,67	11.292,82	7.994,27	32.907,76
01	105	ADMINISTRATIVO	510	611.0	51004	1	9.473,76	11.292,76	6.477,08	27.243,60
01	105	ADMINISTRATIVO	540	611.0	54003	1	9.473,76	11.292,76	6.477,08	27.243,60
01	105	ADMINISTRATIVO	321	463,1	321,06	1	13.275,10	11.292,76	7.661,60	32.229,46
01	105	ADMINISTRATIVO	400	432,0	400,05	1	11.547,22	11.292,76	7.328,94	30.168,92
01	105	ADMINISTRATIVO	410	432,0	410,06	1	11.201,64	11.292,76	7.328,94	29.823,34
01	105	ADMINISTRATIVO	420	432,0	420,06	1	11.547,22	11.292,22	7.328,94	30.168,38
01	152	ALGUACIL-NOTIFICADOR	201	121.0	20105	1	8.630,69	10.605,47	6.847,73	26.083,89
01	152	ALGUACIL-NOTIFICADOR	332	422,0	332,19	1	8.803,88	10.605,47	6.909,38	26.318,73
01	101	TCO. AUX BIBLIOTECAS	334	451,1	334,02	1	11.892,79	14.707,26	8.535,48	35.135,53
01	126	CABO POLICIA LOCAL	212	222,2	212,04	1	8.900,74	12.668,21	7.678,16	29.247,11
01	126	CABO POLICIA LOCAL	212	222,2	212,04	1	9.362,47	12.668,21	7.842,53	29.873,21
01	134	GARDA POLICIA LOCAL	212	222,2	212,11	1	7.746,42	11.966,93	6.840,53	26.553,88
01	134	GARDA POLICIA LOCAL	212	222,2	212,11	1	7.746,42	11.966,93	6.840,53	26.553,88
01	134	GARDA POLICIA LOCAL	212	222,2	212,11	1	10.055,07	11.966,93	7.839,44	29.861,44
02	113	ENCARGADO	444	432,4	444,17	1	9.362,52	15.452,24	7.838,98	32.653,74
02	240	OFICIAL SERVIZOS VARIOS	301	313,0	301,14	1	9.593,34	10.605,33	7.818,54	28.017,21
02	240	OFICIAL SERVIZOS VARIOS	444	432,4	444,14	1	9.362,52	10.605,33	6.990,74	26.958,59
02	233	OFICIAL CONDUCTOR	445	121,2	44508	1	7.746,47	10.605,33	6.487,36	24.839,16
02	234	OFICIAL XARDINEIRO	446	432,6	44606	1	9.593,34	10.605,33	7.109,57	27.308,24
02	159	OPERARIO LIMPEZA INST.	252	442,0	25211	1	8.803,88	9.341,41	6.443,07	24.588,36
										850.249,74

Segundo.- Aprobar a modificación orzamentaria consistente nun crédito extraordinario por importe de 514.423,26 €, financiada con baixas parciais por anulacións de crédito nas partidas que se relacionan e destina-los créditos correspondentes ao Fondo de Adecuación de Postos de Traballo (Partida 121.0.121.01.00) (art. 177.4 da Lei de facendas locais, aprobada polo RDL 2/04).

rpt	codp	posto	servizo	partida_f	clavep	cant	Total bscas. 120,00,00	Total comp 121,00,00	Seg soc. 313,1,160 0000	TOTAL
01	225	TCO ADMON XERAL XMU	242	121,6	242,01	1	14974,58	27740,19	10427,93	53142,70
							14974,58	27740,19	10427,93	53142,70
02	113	ENCARGADO	444	432,4	444,17	1	3120,84	5150,75	2612,99	10884,58
							3120,84	5150,75	2612,99	10884,58
01	101	TECNICO AUX BIBLIOTECAS	334	451,1	334,02	1	3240,79	4007,73	2133,87	9382,39
							3240,79	4007,73	2133,87	9382,39
01	105	ADMINISTRATIVO	321	463,1	321,06	1	13275,10	11292,76	7328,94	31896,80
							13275,10	11292,76	7328,94	31896,80
01	26	XEFE SERV. SEC. XERAL E ACTAS	110	121.0	11006	1	5470,39	6935,08	10728,23	23133,70
01	152	ALGUACIL-NOTIFICADOR	201	121.0	20105	1	8630,69	10605,47	6847,73	26083,89
							14101,08	17540,55	17575,96	49217,59
02	233	OFICIAL CONDUCTOR	445	121,2	44508	1	1936,61	2651,26	6487,36	11075,23
							1936,61	2651,26	6487,36	11075,23
01	126	CABO POLICIA LOCAL	212	222,2	212,04	1	3120,82	4222,74	2614,18	9957,74

rpt	codp	posto	servizo	partida_f	clavep	cant	Total bscas. 120,00,00	Total comp 121,00,00	Seg soc. 313,1,160 0000	TOTAL
01	134	GARDA POLICIA LOCAL	212	222,2	212,11	1	7746,42	11966,93	6840,53	26553,88
01	126	CABO POLICIA LOCAL	212	222,2	21204	1	8900,74	12668,21	7678,16	29247,11
01	134	GARDA POLICIA LOCAL	212	222,2	21211	1	7746,42	11966,93	6840,53	26553,88
01	134	GARDA POLICIA LOCAL	212	222,2	212.04	1	10055,07	11966,93	7839,44	29861,44
							37569,47	52791,74	31812,84	122174,05
02	146	OFICIAL SERVIZOS VARIOS	301	313,0	301,14	1	3783,48	2651,26	7818,54	14253,28
							3783,48	2651,26	7818,54	14253,28
01	152	ALGUACIL-NOTIFICADOR	332	422,0	332,19	1	2934,63	3535,16	6909,38	13379,17
							2934,63	3535,16	6909,38	13379,17
01	46	TECNICO ADMON XERAL	400	432,0	400,03	1	14974,58	24391,95	8421,91	47788,44
01	105	ADMINISTRATIVO	405	432,0	405,02	1	13620,67	11292,76	7994,27	32907,70
01	105	ADMINISTRATIVO	400	432,0	400,05	1	2886,81	2823,19	1832,24	7542,24
01	105	ADMINISTRATIVO	410	432,0	410,06	1	2800,41	2823,19	1804,51	7428,11
01	105	ADMINISTRATIVO	420	432,0	420,06	1	2886,81	2823,19	1832,24	7542,24
01	105	ADMINISTRATIVO X.N.	420	432,0	420,05	1	0,00	0,00	0,00	0,00
							37169,28	44154,28	21885,17	103208,73
02	146	OFICIAL SERVIZOS VARIOS	444	432,4	444.14	1	3315,89	3756,05	2475,89	9547,83
							3315,89	3756,05	2475,89	9547,83
02	234	OFICIAL XARDINEIRO	446	432,6	44606	1	9593,34	10605,33	7109,57	27308,24
							9593,34	10605,33	7109,57	27308,24
02	159	OPERARIO LIMPEZA INST.	252	442,0	25211	1	3499,80	2335,28	6443,07	12278,15
							3499,80	2335,28	6443,07	12278,15
01	105	ADMINISTRATIVO	330	451,0	33008	1	2368,41	2823,14	6477,08	11668,63
							2368,41	2823,14	6477,08	11668,63
01	105	ADMINISTRATIVO	140	611,0	14010	1	2368,41	2823,14	6477,08	11668,63
01	105	ADMINISTRATIVO	510	611,0	51004	1	2368,41	2823,14	6477,08	11668,63
01	105	ADMINISTRATIVO	540	611,0	54003	1	2368,41	2823,14	6477,08	11668,63
							7105,23	8469,42	19431,24	35005,89
							157988,53	199504,90	156929,83	514423,26

Terceiro.- Instar á Alcaldía-Presidencia a incoación dos expedientes de transferencia de crédito necesarios para acadar a cantidade necesaria para levar a cabo a adecuación retributiva antedita, tendo en conta as modificacións orzamentarias realizadas con anterioridade neste exercicio e que algunhas das prazas estiveron ocupadas polos seus titulares ata a data da súa baixa (falecemento, xubilación ou excedencia) e que os créditos das mesmas se atopan menguados.

Cuarto.- Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín oficial da Provincia, significando que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, nos supostos, termos e condicións recollidos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa".

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 3 de novembro de 2006, dictaminou favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Hoxe imos doutra volta falar de temas de persoal e espero que poidamos debater coa suficiente tranquilidade para que a decisión que tomemos sexa a mellor posible.

Como saben un cadro de persoal de calquera institución, calquera organización, empresarial ou pública, é algo coma un elemento vivo, está suxeito a evolución e cambio contínuo e polo tanto tamen ten que estar suxeito a contínuas adaptacións e axustes para que ese cadro de persoal reflecta exactamente a estrutura que ten detrás da súa organización.

Na organización dun cadro de persoal todos os días hai novas, prodúcense altas, baixas, falecementos, cambios nos servizos e polo tanto non se pode considerar dun xeito ríxido, como se fose unha foto fixa que non se pode mover, porque se o facemos así esa estrutura non respostaría ás necesidades da organización para a que se fixo, por iso unha política de recursos humanos ten que ser sempre dinámica, en contínuo cambio e as persoas que temos responsabilidade dentro da xestións de recursos humanos temos dúas ferramentas básicas para poder adaptar ese cadro ás necesidades da organización.

Estas dúas ferramentas son dunha banda a oferta pública de emprego e doutra, dun xeito máis concreto e eficaz, a xestión da relación de postos de traballo. Nese sentido e tendo en conta a capacidade que temos as institucións locais de autoorganización, unha correcta e contínua xestión desta relación de postos de traballo debe permitírmonos axustar na medida das nosas posibilidades ese cadro de persoal á realidade, neste caso deste Concello, realidade que debe ser axustada continuamente en función desas realidades cambiantes.

Nese sentido a través das convenientes modificacións, transformacións e neste caso amortizacións, temos que acadar que a foto móbil, para nos entender, da organización responde exactamente ás necesidades que a esa organización se lle presentan, tanto internas dos propios servizos, como dos cidadáns e é moi importante que reflecta o custo económico dese cadro. Outro factor que debemos ter en conta é que o marco básico das relacións laborais entre empregadores e empregado, se me permiten a expresión, no noso entorno é o Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores, o convenio.

Xa nos artigos finais no convenio que rexía para o período dos anos 95 a 97, esta Corporación comprometeuse cos traballadores a reestudar todos e cada un dos postos de traballo do cadro de persoal e consecuentemente a

cambiar a súa estrutura salarial. Iso estaba pensado para entrar en vigor o 1º de xaneiro de 1998.

Como queira que ese acordo non se puido cumprir, logo houbo máis acordos cos traballadores e coas representacións sindicais e concretamente o convenio actual que rexe neste momento as relacións, de 1999 ó 2002, en varias partes do seu articulado pero sobre todo ó final, na condición transitoria segunda, volta recoller o compromiso desta Corporación cos traballadores para revisar, reevaluar e adecuar todos os postos de traballo do cadro de persoal. Se vostedes lembran, mesmo se crea un fondo duns catrocentos millóns das antigas pesetas para poder concretar este acordo.

Como vostedes ben saben ata o de agora os membros da Corporación municipal non fumos quen de facer valer ese compromiso. Neste intre paréceme moi importante sinalar que a máis de ser un compromiso legal que temos todos os membros da Corporación, dende logo é un compromiso moral. Foi un obxectivo básico de todas as Corporacións dende ese momento e tivo o consenso básico de todos os grupos na súa aplicación, na análise e no estudo de todo o cadro de persoal, a análise das funcións de cada un dos postos, ver en qué influiron as novas tecnoloxías en cada función ou cada posto.

Todos estivemos de acordo e por iso o que estamos a facer neste Goberno municipal non é máis que recoller a testemuña doutras Corporacións municipais, con unha iniciativa política importante, crendo no que estamos a facer e coa flexibilidade suficiente para poder acadar acordos unánimes con todos os representantes dos traballadores, cousa que non ocorreu noutros momentos. Estamos tentando levar adiante ese compromiso que repito que non é deste Goberno, senón que é da Corporación e está asinado nun convenio.

O terceiro elemento que me gustaría que vostedes tivesen en conta para entender a miña proposta ó Pleno é que, tal como reflicten todos os informes e a información que podemos recabar, o único xeito posible de poder liberar cartos estables dentro do orzamento municipal, nunha situación coma a actual de prórroga do orzamento, é a de liberar créditos estables, compromisos de pagamento estables dentro do orzamento municipal. Iso hai que o entender para ter a perspectiva suficiente para comprender o que hoxe propoñemos.

Con toda a información que dispoñemos neste intre, se nos queremos comprometer realmente con este proceso de valoración de postos de traballo e queremos asumir o compromiso futuro certo que significa este proceso,

debemos cancelar créditos certos que están no orzamento e que neste intre por calquera motivo non teñan sentido ou se poidan perder.

Tendo en conta estes tres elementos fundamentais: a necesidade imperiosa dunha modificación practicamente contínua do cadro de persoal municipal para a adaptar á súa propia realidade. En segundo lugar a necesidade de cumprir un compromiso de toda a Corporación que está escrito nun convenio. E en terceiro lugar a necesidade de utilizar créditos estables dentro do orzamento municipal para poder comprometérmonos, é polo que presento a este Pleno esta proposta.

Non quero rematar esta intervención sen agradecer a todos os que participaron neste longuísimoo proceso, a todos os membros de anteriores Corporacións, ós anteriores concelleiros de Persoal, Sr. Vieitez quen tivo un labor moi importante; ás persoas do departamento de Persoal, a directora de Réxime Interior, a xefa de Persoal, funcionarios como o Sr. Carpintero e a Sra. Estrada que nos axudaron para poder chegar ata este momento.

Por último quero expresar o meu respecto polo Comité de Persoal deste Concello porque, aínda que tivemos fortes discrepancias en determinados momentos, foron quen de panter a mirada un pouco máis lonxe para tratar de chegar ós acordos unánimes que lles estou a presentar.

Moitas gracias.

A PRESIDENCIA: Hai unha emenda do Grupo municipal Socialista e do Grupo municipal do Partido Galeguista que insta ó Goberno municipal a buscar a fórmula máis adecuada para que se dote dos créditos necesarios ó fondo de adecuación de postos de traballo que non conleve a obrigatoriedade de amortización de postos de traballo ou que en todo caso se artelle un mecanismo de carácter temporal que non fomente a discriminación retributiva.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Secretario, nós queremos unha información formal. Temos unha proposta que está presentada ó Pleno, un acordo nunha mesa de negociación co Comité de Persoal e queremos poñer a votación esa proposta porque nos parece que aquí hai elementos a maiores que non dependen única e exclusivamente desta Corporación senón que hai unha negociación anterior de moitos meses a través do convenio, como dicía o concelleiro de Persoal, e gustaríanos poñer a votación esa proposta.

SR. SECRETARIO DO PLENO: Como ven de ler a Presidencia presentouse unha emenda polos Grupos municipais Socialista e do Partido Galeguista. Como vostede sabe efectivamente primeiro se someten a votación as emendas que poden ser totais ou parciais; as parciais poden ser de supresión ou de adición. No caso de que sexan emendas totais como entendo que é ista polo contido que se expuso, enténdese que a proposta de acordo que consta no expediente decae no suposto que prospere a emenda á totalidade. Así actuou sempre este Pleno.

Non se pode poñer a votación por parte da Presidencia a proposta do expediente no caso de que prospere esta emenda que é á totalidade.

SR. FIGUEROA VILA: Entón, qué hai que votar?

SECRETARIO XERAL DO PLENO: A emenda.

A PRESIDENCIA: Está claro que temos que votar a emenda e se prospera non podemos votar o punto que traemos ó Pleno.

(Están ausentes o Sr. Alonso Vázquez e a Sra. Porteiro García).

Emenda formulada polos Grupos municipais Socialista e Galeguista:

Instar ó Goberno municipal a buscar a fórmula máis adecuada para que se dote dos créditos necesarios ó fondo de adecuación de postos de traballo que non conleve a obrigatoriedade de amortización de postos de traballo ou que en todo caso se artelle un mecanismo de carácter temporal que non fomente a discriminación retributiva.

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS SOCIALISTA E DO PARTIDO GALEGUISTA: Con oito votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Garrido González, Graña Barcia, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido e Soto Ferreiro, sete abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Cotobade Tombo, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, e dez votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Rexeitar a emenda formulada polos grupos municipais Socialista e do Partido Galeguista transcrita anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con quince votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, e dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Rexeitar a proposta formulada pola Unidade de Persoal de data 30 de outubro de 2006, relativa á modificación do cadro de persoal municipal por amortización de determinados postos de traballo, que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e vinteseite minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.